

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE E IDONEIDADE DA LICITACIÓN DO CONTRATO DE OBRA DENOMINADO: “ACCESOS, APARCADOIROS E URBANIZACIÓN DA PARCELA DA ÁREA DE SERVIZO PREVISTA NO P.Q. 80,5 DA AG-53”

A PRESENTE MEMORIA REDÁCTASE AOS EFECTOS DO PREVISTO NOS ARTIGOS 28 E 116 DA LEI 9/2017, DO 8 DE NOVEMBRO, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, POLA QUE SE TRASPOÑEN AO ORDENAMENTO XURÍDICO ESPAÑOL AS DIRECTIVAS DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO 2014/23/UE E 2014/24/UE, DO 26 DE FEBREIRO DE 2014 (EN DIANTE, LCSP), ASÍ COMO DO ARTIGO 33 DA LEI 14/2013, DO 26 DE DECEMBRO, DE RACIONALIZACIÓN DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO.

Así mesmo, será obxecto de publicación no perfil do contratante de SPI Galicia www.spigalicia.es e na plataforma de Contratos de Galicia na páxina web www.contratosdegalicia.gal

Conforme ao art. 17 da LCSP, estamos ante un contrato de obra.

1. ANTECEDENTES

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., (SPI) é unha Sociedade Anónima Unipersoal adscrita á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A sociedade ten por obxecto proxectar, construír, conservar e explotar, por ela mesma, por terceiras persoas ou en calidade de concesionaria, actuando por encargo do Consello da Xunta, en nome propio ou por conta e mandato da Xunta de Galicia, segundo os termos dos encargos e os mandatos de actuacións, toda clase de infraestruturas que a Xunta promova ou participe, e tamén os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas ditas infraestruturas. A súa actividade comprende tamén, previa autorización do Consello da Xunta, a promoción e execución de actividades urbanísticas e inmobiliarias, adquisición e alleamento de toda clase de bens inmobles, xestión e realización das obras e dotación de servizos e a súa posible explotación.

A sociedade tamén ten por obxecto a realización daquelas actividades de conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela - Ourense que se lle establezan regulamentariamente.

Forman parte do obxecto social as actividades dirixidas á explotación das áreas de servizo, centros de transporte e aparcadoiros e calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se encontren dentro da área de influencia do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela - Ourense, así como as actividades que sexan complementarias da construción, conservación e explotación deste.

Todas estas actividades poderán desenvolverse total ou parcialmente mediante a participación da dita sociedade pública, suxeita sempre á Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera outra disposición que sexa aplicable polo seu carácter de sociedade mercantil pública autonómica en sociedades de obxecto idéntico ou análogo.

Nas súas actuacións haberá de respectar os principios de publicidade e concorrência propios da contratación administrativa.

Pola súa condición de Sociedade Pública Autónoma e en razón do seu obxecto social encádrase como poder adxudicador, que non ten o carácter de Administración Pública, segundo o artigo 3.3.d da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, establécese como Perfil de Contratante de SPI o seguinte: <http://www.spigalicia.es>. Nel inclúiranse tódolos datos e información relativos á presente licitación.

2. NECESIDADE DO CONTRATO (ARTIGO 116.4.E) LCSP)

O Anexo “Descrición del tramo de Autopista” do Decreto 432/2003 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, polo que se regula a construción, explotación e conservación do tramo Alto de Santo Domingo – A-52 da Autoestrada Santiago de Compostela – Ourense pola Sociedade Pública Autoestrada Alto de Santo Domingo – Ourense, e se establecen os termos da xestión, contéplase a construción dunha área de servizo no tramo II-A (Enlace de Cea - Enlace de Barbantes da autovía A-52), á altura do quilómetro 80+465, con acceso directo en sentido Santiago de Compostela e conexión mediante un paso a distinto nivel en sentido Ourense.

En cumprimento desta obriga, SPI Galicia redactou o proxecto de construción da obra “Accesos, aparcadoiros e urbanización da parcela da Área de Servizo prevista no p.q. 80,5 da AG-53”.

As actuacións a executar mediante este contrato son as correspondentes a:

- Execución dos accesos á futura área de servizo, completando os ramais existentes e realizando as novas vías que resulten necesarias, o movemento de terras en toda a parcela dispoñible, tanto para os aparcadoiros para vehículos lixeiros e para vehículos pesados así como para a implantación dunha estación de servizo, (a cal no forma parte do obxecto do presente contrato), a execución da urbanización da parcela e dos propios aparcamentos, e a restauración ambiental de toda a superficie que forma o dominio público nesta zona, incluída a que non ocuparán directamente as obras.
- Aparcadoiro con 80 prazas para vehículos lixeiros (dispoñendo 54 prazas en primeira implantación e 40 prazas adicionais planificadas e coa explanada xa executada, 94 en total) e 20 para pesados (dispoñendo 28 prazas en primeira fase mais 8 prazas en segunda fase, un total de 36), coas correspondentes prazas reservadas PMR e preinstalación para unha futura recarga do vehículo eléctrico.
- Implantación de alumeado público e videovixilancia, tanto nos accesos como nos aparcadoiros.
- Axardinamento de toda a parcela pública non pavimentada, establecendo tanto arboredo como vexetación rasteira ou tapizante.
- Peche exterior de toda a zona de dominio público e adaptación do camiño de servizo actualmente existente na contorna da futura estación de servizo.

SPI Galicia, SA non dispón dos medios humanos e materiais necesarios para levar a cabo a citada actuación.

Como consecuencia do exposto anteriormente, e aos efectos do indicado nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, queda suficientemente motivada a necesidade de celebrar o contrato de obra: **“OBRA250101 .- Accesos, aparcadoiros e urbanización da parcela da área de servizo no P.K. 80,5 da AG-53.”**

3. OBXECTO DO CONTRATO

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia) é unha Sociedade Anónima Unipersoal adscrita á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas de Galicia. Forman parte do seu obxecto social a realización das actividades de conservación e explotación do tramo Alto de Santo Domingo - A-52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela - Ourense, entre as que se inclúen as actividades dirixidas á explotación das áreas de servizo, centros de transporte e aparcamentos e calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se atopen dentro da área de influencia do devandito tramo, así como as actividades que sexan complementarias da construción, conservación e explotación desta.

O presente contrato recolle as obras necesarias para a terminación do enlace e construción de zonas de aparcadoiro e urbanización da superficie destinada á construción dunha área de servizo á altura do P.K. 80,5 da AG-53, na súa marxe esquerda e con acceso desde ambas as calzadas, situada no termo municipal de Maside. Estas obras, supoñen o desenvolvemento parcial da área de servizo cuxa construción nesta localización foi establecida no Decreto 432/2003, o cal fixa as características básicas da AG-53. Así mesmo, recolle as obras necesarias para completar os accesos á área desde ambas as calzadas da AG-53 (parcialmente executados coas obras de construción da AG-53), zonas aparcadoiros específicos para vehículos lixeiros - en base á "Estratexia para o desenvolvemento da mobilidade sostible mediante a implantación de aparcadoiros disuasorios en Galicia (2021) - e para vehículos pesados - aparcadoiro de descanso e emerxencia -, e para dispor a parcela na cal se poderá situar unha estación de subministración de combustible e servizos adicionais para os usuarios da vía.

4. XUSTIFICACIÓN DO PROCEDIMENTO EMPREGADO (ARTIGO 116.4.A) LCSP)

O artigo 131 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, establece que os contratos se adxudicarán, de xeito ordinario, empregando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido.

Neste expediente séguese o procedemento aberto, con aplicación de pluralidade de criterios de adxudicación, conforme ao establecido nos artigos 131.2 e 156 e seguintes da LCSP, para acadar a maior concorrencia de ofertas que sexa posible. A tramitación do procedemento será ordinaria.

Atendendo ao concepto de valor estimado, recollido no artigo 101 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e do seu cálculo, así como ao establecido no artigo 22 da dita Lei, este contrato non se atopa suxeito a regulación harmonizada.

5. DIVISIÓN EN LOTES (ARTIGO 116.4.G) LCSP)

A correcta execución do contrato non permite a división en lotes. A contratación independente dos diferentes traballos que comprende a execución do contrato podería xerar conflitos entre os diferentes contratistas e deficiencias na prestación do servizo a realizar.

6. PREZO DO CONTRATO. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO (ARTIGO 116.4.D) LCSP)

6.1. PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL

O presuposto de execución material estimado ascende á cantidade de dous millóns setecentos cinco mil oitocentos nove euros con cincuenta e sete céntimos (2.502.329,93 €).

Engadindo o 13% de gastos xerais e o 6% de beneficio industrial, obtense un presuposto base de licitación, sen IVE, de **dous millóns novecientos setenta e sete mil setecentos setenta e un euros con corenta e tres céntimos (2.977.771,43 €)**.

Finalmente, considerando o IVE ao tipo actual del 21%, obtense o presuposto base de licitación, con IVE, que ascende a **tres millóns seiscentos tres mil cento tres euros con corenta e tres céntimos (3.603.103,43 €)**.

RESUMO DO PRESUPOSTO

CAPÍTULO	RESUMO	IMPORTE
1	TRABALLOS PREVIOS	88.317,14
2	MOVEMENTO DE TERRAS	449.988,32
3	FIRMES E PAVIMENTOS	869.806,29
4	DRENAXE	204.263,52
5	SINALIZACIÓN, BALIZAMENTO E DEFENSAS	87.327,87
6	ESTRUTURAS	53.402,20
7	OBRAS COMPLEMENTARIAS	475.438,29
8	ORDENACIÓN ECOLÓXICA	128.786,49
9	XESTIÓN DE RESIDUOS	97.810,96
10	SEGURIDADE E SAÚDE	31.787,85
11	VARIOS	15.400,00
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL		2.502.328,93
13%	Gastos Xerais	325.302,76
6%	Beneficio industrial	150.139,74
		475.442,50
PPTO. BASE DE LICITACIÓN SEN IVE		2.977.771,43
21%	IVE	625.332,00
PPTO. BASE DE LICITACIÓN		3.603.103,43

6.2. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:

O valor estimado total do contrato ascende dous millóns novecientos setenta e sete mil setecentos setenta e un euros con corenta e tres céntimos (2.977.771,43 €) antes de IVE.

O pagamento realizarase en base ós prezos unitarios establecidos no prego de prescricións técnicas particulares.

7. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo estimado de execución da obra será de 15 meses.

8. ESIXENCIA DE CLASIFICACIÓN E CONDICIÓNS DE SOLVENCIA (ARTIGO 116.4.C) LCSP)

CLASIFICACIÓN:

Grupo G.- Viales e pistas

Subgrupo 6.- Obras viales sen cualificación específica

Categoría 5.- (con cuantía superior a 2.400.000 e inferior a 5.000.000 euros)

SOLVENCIA: Non se esixe

9. ELECCIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (ARTIGO 116.4.C) LCSP)

Os criterios utilizados para a adxudicación do contrato serán os seguintes:

Sobre B: Proposición técnica e outros elementos da oferta non cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas e que dependan dun xuízo de valor

Sobre C: Oferta económica e criterios de valoración automática mediante a aplicación de fórmulas

Os sistemas empregados para a avaliación e ponderación de cada un dos devanditos criterios serán os seguintes:

a) Criterios avaliados mediante xuízo de valor (Sobre B) ata 100 puntos

A puntuación mínima para poder optar á adxudicación será a terceira parte da máxima antes sinalada, polo que aquelas empresas que non acaden dita puntuación mínima serán excluídas do proceso.

Puntuarase tendo en conta os contidos da oferta incluídos no Sobre B e o grao de cumprimento nela das condicións establecidas no Prego de Prescricións Técnicas Particulares do concurso cos seguintes criterios:

I. Memoria descritiva do proceso de execución ata 40 puntos

- Valorarase segundo o contido da oferta en relación co sinalado no prego de condicións para a memoria técnica.

CONCEPTO		V _{Tmáx}
I.1	Análise do proxecto e da metodoloxía de execución	8
I.2	Problemáticas da execución	8
I.3	Fichas de dimensionamento dos equipos de traballo dedicados ao contrato.	6
I.4	Relación das fontes de subministración de materiais, validación destas, no seu caso e análise das necesidades de almacenamentos e de instalacións auxiliares.	6
I.5	Estudo dos medios de transporte e das plantas de produción de materiais e as zonas previstas para préstamos e vertedoiros.	4
I.6	Análise dos condicionantes existentes (externos e climatolóxicos).	4
I.7	Desvíos provisionais e reposicións de servizos coas súas medidas de sinalización e seguridades previstas.	4

II. Programa de construción das obras..... ata 10 puntos

- Valorarase segundo o contido da oferta en relación co sinalado no prego de condicións para a memoria técnica.

CONCEPTO		V _{Tmáx}
II.1	Enumeración e descrición das actividades a realizar debendo xustificar os rendementos medios previstos que garantan o prazo ofertado.	4
II.2	Diagrama de Gantt con desenvolvemento de todas as actividades descritas no prego de prescricións técnicas.	4
II.3	Investimentos mensuais previstos (sen deducirse a oferta económica)	1
II.4	Diagrama espazos-tempo en obras de tipo lineal	1

III. Plan de control de calidade da obra ata 10 puntos

CONCEPTO		V _{Tmáx}
III.1	Idoneidade do plan de control de calidade proposto	4
III.2	Aspectos concretos das unidades a controlar durante a execución e normativa técnica aplicable.	3
III.3	Criterios de mostraxe técnica e de aceptación e rexeitamento.	3

IV. Memoria de prevención de riscos laborais..... ata 10 puntos

CONCEPTO		V _{Tmáx}
IV.1	Implantación de sistemas de participación dos traballadores na prevención de riscos laborais.	2
IV.2	Canais de información e formación dos traballadores.	2
IV.3	Adaptación do estudo de seguridade e saúde do prego de prescricións técnicas ao proceso construtivo ofertado; análise das posibles situacións de emerxencia: medidas a adoptar.	3
IV.4	Organización do seguimento da obra.	3

V. Programa de actuacións medioambientais ata 10 puntos

CONCEPTO		V _{Tmáx}
V.1	Identificación dos traballos e/ou procesos construtivos que podan xerar impactos, as medidas a adoptar para a súa eliminación, diminución ou corrección.	4
V.2	Organización física da obra (trazado de camiños e accesos, parques de maquinaria, etc.).	2
V.3	O emprego de materiais con certificados de explotación sostibles, reciclados ou reciclables.	1
V.4	A localización de préstamos e vertedoiros.	1
V.5	A xestión dos residuos xerados durante a execución.	1

V.6	Identificación dos requisitos legais ambientais que sexan de aplicación.	1
-----	--	---

VI. Medidas para o impulso demográfico ata 20 puntos

CONCEPTO		V _{Tmáx}
VI.1	Medidas de flexibilidade espacial	6
VI.2	Medidas de flexibilidade temporal	6
VI.3	Melloras dos permisos legalmente establecidos	4
VI.4	Beneficios sociais para a atención das responsabilidades familiares	4

b) Oferta económica e criterios de valoración automática mediante a aplicación de fórmulasata 100 puntos

As puntuacións P_E das ofertas económicas e os cálculos das baixas B_i , obteranse segundo o seguinte proceso:

En función da proposición económica, as ofertas puntuaranse entre 0 e 100 puntos de acordo cos criterios que se indican a continuación:

$$P_E = 97 + 3 \times \frac{B_i - 0,8 \times B_e}{0,2 \times B_e}, \text{ para } 0,80 \times B_e < B_i \leq B_e$$

$$P_E = 90 + 7 \times \frac{B_i - 0,55 \times B_e}{0,25 \times B_e}, \text{ para } 0,55 \times B_e < B_i \leq 0,80 \times B_e$$

$$P_E = 90 \times \frac{B_i}{0,55 \times B_e}, \text{ para } 0 < B_i \leq 0,55 \times B_e$$

sendo:

- P_E = Puntuación económica: De 0 a 100 puntos
- B_i = Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación calculada como a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído).
- B_e = Baixa da oferta máis económica de todas as admitidas, non tendo en conta as ofertas que se declaren anormais ou desproporcionadas que quedan excluídas da clasificación de acordo co artigo 149 da LCSP

A valoración económica final P_{Ei} de cada oferta redondearase ao segundo decimal.

Para os efectos da consideración de presunción de ofertas con valores anormais ou desproporcionados considerarase que están incursas nesa situación (baixa temeraria) as proposicións cunha B_i que:

- No caso de que o número de empresas licitadoras admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, sexa igual ou superior a oito (8).

Exceda a “Baixa de temeridade” B_T .

- ♦ presunción de temeridade: $B_i > B_T$, se $n \geq 8$

- ♦ onde, $B_T = B_r + K * \sigma'$
- sendo:
 - B_r = baixa de referencia, calculada como mínimo [B_m , B'_m]
 - B_m = baixa media calculada
 - B'_m = media aritmética das baixas das ofertas que cumpran a condición seguinte: $(B_m - \sigma) \leq B_i \leq (B_m + \sigma)$
 - B_i = Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, calculada como a porcentaxe que represente a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE excluído) e o orzamento da oferta presentada (IVE excluído), expresado en tanto por cento sobre o orzamento base de licitación (IVE excluído), de todas as proposicións admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre 3, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados
 - σ = desviación típica calculada.
$$\sigma = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^n (B_i - B_m)^2}{n}}$$
 - n = número de ofertas admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados
 - K = factor de temeridade, definido por un número enteiro positivo que se fixa na folla de especificacións que acompaña a este prego.
 - σ' = desviación típica das baixas das ofertas que cumpren a anterior condición sinalada para o cálculo de B'_m .
- No caso de que o número de empresas licitadoras admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre C, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, sexa superior a tres (3) e inferior a oito (8).

Exceda a baixa de referencia en máis de catro (4) unidades.

- ♦ Presunción de temeridade: $B_i > B_r + 4$, se $3 < n < 8$
- ♦ Para calcular a baixa de referencia seguiranse as instrucións especificadas no punto anterior.
- No caso de que o número de empresas licitadoras admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre 3, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, sexa tres (3).

Exceda a media aritmética das baixas porcentuais das baixas admitidas en máis de dez (10) unidades.

Con todo, excluírase para o cómputo da dita media a oferta coa baixa porcentual máis pequena cando sexa inferior en máis de 10 unidades a esa media e consideraranse anormais as ofertas con baixas porcentuais superiores ao 25 % do orzamento de licitación.

- ♦ Presunción de temeridade: $b_i > 25$ ou $b_i > b_m^* + 10$

- $n = 3, b_1 \leq b_2 \leq b_3$

- b_m^* :

$$b_m^* = \frac{b_2 + b_3}{2}, \text{ si } b_1 < b_m - 10$$

$$b_m^* = b_m, \text{ en caso contrario}$$

- No caso de que o número de empresas licitadoras admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre 3, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, sexa dous (2).

Exceda á baixa porcentual da outra empresa licitante en vinte (20) ou máis unidades.

- ♦ Presunción de temeridade da oferta b_1 : Se $b_2 > b_1 + 20$

- $n = 2, b_1 \leq b_2$

- No caso de que o número de empresas licitadoras admitidas tras a apertura e comprobación da documentación contida no sobre 3, inclúan ou non valores anormais ou desproporcionados, sexa unha (1).

Sexa superior ao 25 %.

- ♦ Presunción de temeridade da oferta: $b_1 > 25$

- $n = 1$

Cando concorran á licitación presentando distintas proposicións económicas, de maneira individual ou en unión temporal de empresas, empresas vinculadas ou pertencentes a un mesmo grupo, entendendo por tales as que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio, tomarase unicamente a oferta máis baixa de todas as presentadas por estas empresas ou polas UTEs de que formen parte.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada desproporcionada ou anormal conforme o establecido nos parágrafos anteriores, a Mesa de Contratación solicitará, vía correo electrónico, a información necesaria, dándolle audiencia ao licitador, para que poida estar en disposición de determinar se certamente a oferta resulta anormalmente baixa en relación coa prestación e, por iso, debe ser rexeitada ou, no caso contrario, a dita oferta non resulta anormalmente baixa e debe ser tida en conta para a adxudicación do contrato.

Para iso, a Mesa de Contratación solicitará as precisións que estime oportunas sobre a composición da citada oferta económica e as súas xustificacións, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección de emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia a realizar a prestación ou a posible obtención dunha axuda de Estado, tal e como se recolle no artigo 149.4 da LCSP.

O licitador dispoñerá dun prazo máximo de cinco (5) días hábiles, contados desde o día no que reciba a solicitude, para presentar as súas xustificacións tamén por vía electrónica. Se transcorrido este prazo a Mesa de Contratación non recibiu as ditas xustificacións, considerarase que a proposición non poderá ser cumprida e, por tanto, a empresa quedará excluída como candidata á adxudicación.

Se, no caso contrario, recibíronse en prazo as citadas xustificacións, a Mesa de Contratación decidirá, despois de analízalas, e solicitados os informes técnicos correspondentes que fosen necesarios, ben a admisión da oferta contando con ela para todos os efectos para resolver o que proceda en relación coa adxudicación do contrato, ou ben o seu rexeitamento.

En todo caso, o órgano de contratación rexeitará as ofertas se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpran as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 da LCSP.

En todo caso, este feito non modificará os cálculos xa realizados para determinar o valor da baixa de referencia **Br**.

c) Puntuación final obtida por cada licitador ata 100 puntos.

Para a valoración das proposicións sumaranse os puntos obtidos nos apartados anteriores para obter a puntuación técnica (P_T) e a puntuación económica (P_E), calculándose a puntuación final (P) de acordo coa seguinte fórmula:

$$P = \left(\frac{A}{100} \times P_T \right) + \left(\frac{B}{100} \times P_E \right)$$

Cada un dos valores A e B estará comprendido entre un mínimo de 40 e un máximo de 60, coa condición que $A + B = 100$, e os mesmos especificaranse na folla de especificacións.

Resultará adxudicataria aquela empresa licitadora que obteña a maior puntuación do total posible segundo a aplicación do baremo anterior, e tendo en conta que todos os valores numéricos serán redondeados ao segundo decimal.

CRITERIOS DE DESEMPATE

En caso de igualdade entre dúas ou máis proposicións, desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación e en aplicación do establecido no artigo 147 da LCSP, prevalecerán as proposicións presentadas polas empresas que se sinalan a continuación, segundo a seguinte orde de preferencia:

En primeiro lugar:

Empresas que contén no seu cadro de persoal cunha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao 2 por cento:

- ✓ A empresa dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social.
- ✓ A empresa que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

En segundo lugar:

A disposición da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade ou doutra certificación equivalente, ou ben que identifiquen na súa proposición medidas concretas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes e/ou que favorezan a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Nestes dous últimos supostos, o licitador deberá acreditar a equivalencia do certificado presentado ou das medidas propostas respecto da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade. A acreditación desta equivalencia será achegada no momento de presentar a proposición.

Se o licitador fixese uso desta preferencia, estará obrigado a manter os parámetros de igualdade durante o prazo fixado na adxudicación que, de resultar o contrato de execución sucesiva, será igual á súa duración temporal.

En terceiro lugar:

O licitador cunha maior porcentaxe de mulleres empregadas do persoal adscrito a execución do contrato.

En cuarto lugar:

A empresa que teña unha maior valoración técnica.

No caso de existir igualdade na aplicación da preferencia sinalada anteriormente, realizarase un sorteo nun acto público que se comunicará con antelación suficiente aos licitadores.

A mesa de contratación poderá solicitar canta información estime pertinente aos licitadores para comprobar os datos declarados.

10. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

En aplicación do artigo 202 da LCSP, recóllense as seguintes condicións especiais que garanten a execución do contrato nos termos pactados, mediante a subscrición dos correspondentes seguros, o reforzo de cuestións en materia ambiental, laboral e de subcontratación, e a adscrición de medios requiridos e ofertados polo licitador.

Son condicións especiais do contrato as seguintes:

1. Adscrición de medios. O adxudicatario estará obrigado a manter adscritos á execución do contrato todos os medios necesarios para a súa execución. En particular, estarán a disposición todos aqueles medios persoais e materiais que se recollen na súa oferta (ou substituídos por outros equivalente de conformidade coa dirección do contrato, do responsable do contrato ou do órgano de contratación) e, de forma específica, e no seu caso, os medios requiridos na folla de especificacións, de conformidade co artigo 76 da LCSP como concreción das condicións de solvencia.
2. Seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais. O adxudicatario deberá subscribir un seguro de responsabilidade civil, que deberá ser subscrito antes da firma do contrato e permanecer vixente durante todo o prazo de execución, cos requisitos establecidos neste prego e na folla de especificacións.

Cando o adxudicatario sexa unha UTE, o seguro será subscrito pola UTE pola totalidade do importe esixido anteriormente, ou por todas as empresas que compoñan a UTE, cada unha pola totalidade do importe esixido anteriormente.

Poderá cumprirse esta condición mediante a extensión ao presente contrato do seguro de responsabilidade civil que xa tivese concertado a empresa adxudicataria, sempre que quede cuberta a suma asegurada indicada, e se acredite mediante a correspondente certificación expedida en nome da compañía aseguradora por persoa con poder bastante.

3. Obrigas de carácter social e laboral. O adxudicatario estará obrigado a cumprir as seguintes condicións:

- ☒ Empregar na execución do contrato unha porcentaxe de traballadores fixos non inferior ao 30% do total. O adxudicatario controlará o cumprimento desta condición por parte dos subcontratistas, cuxos datos computarán conxuntamente cos do adxudicatario a efectos do seu cumprimento.
- ☒ O cumprimento das normas legais, os convenios colectivos e os acordos de negociación colectiva de eficacia xeral que sexan de aplicación. Especialmente, e cando cumpra por estar recolleito en calquera dos instrumentos citados anteriormente, a obriga de subrogación como empregador en determinadas relacións laborais.
- ☒ Executar o servizo cumprindo estritamente a lexislación sobre prevención de riscos laborais.

Sen prexuízo doutras responsabilidades por infracción desas normas, considerarase incumplida esta condición esencial do contrato cando, con ocasión de execución do servizo e durante a vixencia do contrato, se impuxesen pola autoridade laboral, mediante resolución definitiva en vía administrativa, dúas sancións moi graves por incumplimento da lexislación sobre prevención de riscos laborais. Este incumplimento será causa de resolución de conformidade co establecido neste prego.

Así mesmo, e de forma máis concreta, o adxudicatario cumprirá as medidas ás que nesta materia se comprometa na súa oferta.

4. Obrigas en materia de igualdade. De conformidade ao establecido no artigo 84.3 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia (DOG núm. 233, do 11 de decembro de 2023), o adxudicatario deberá dar cumprimento as seguintes medidas:

- ☒ Presentar no momento de formalización do contrato un protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo ou por orientación sexual, no ámbito de desenvolvemento do contrato.

O protocolo antiacoso garantirá a dignidade das persoas traballadoras fronte ás situacións de acoso sexual ou por mor do sexo ou orientación sexual, no que, polo menos, se configurarán medidas, entre outras, preventivas, de detección ou identificativas e de protección e apoio efectivas, así como a programación das accións de seguimento, control e avaliación necesarias. Neste protocolo específico promoveranse as condicións de traballo que eviten as condutas, actitudes, prácticas ou manifestacións da índole sinalada, incluídas as canalizadas no ámbito dixital, e estableceranse actividades de información, formación e sensibilización do persoal adscrito ao contrato para identificar esas situacións e previlas.

- ☒ Incluír nas accións de prevención de riscos laborais e de saúde laboral a perspectiva de xénero.

O adxudicatario debe ter implementada unha canle electrónica específica para que o persoal adscrito á execución do contrato poida presentar as queixas ou denuncias en caso de posibles incumprimentos destas condicións así como das medidas ofertadas en materia de impulso demográfico. De todas as queixas e denuncias informaráselle ao responsable do contrato así como o resultado que corresponda. Entenderase que non se presentaron queixas ou denuncias na dita canle cando o responsable do contrato non recibira notificacións destas.

Así mesmo, o contratista deberá presentar no prazo de dous meses dende que finalice o prazo de execución do contrato unha memoria xustificativa do cumprimento destas medidas, sen prexuízo das facultades do órgano de contratación de comprobar o cumprimento das mesmas en calquera momento da execución do contrato e, en particular, no caso de recibir unha denuncia por parte do persoal afectado.

5. Obrigas relativas ás medidas para o impulso demográfico. Durante a execución do contrato o adxudicatario deberá cumprir todas as medidas para o impulso demográfico sinaladas na súa oferta.

- ☒ O contratista deberá establecer, no prazo máximo de un mes dende o inicio da execución do contrato, e manter operativas durante a súa execución, canles específicas, distintas da canle xeral de denuncias, para que os traballadores que executan o contrato podan presentar denuncias, queixas ou reclamacións polo incumprimento dos compromisos sociais, e para comunicar estas incidencias a SPI Galicia nun prazo máximo de unha semana dende a recepción das mesmas. A existencia destas canles de incidencias deberán ser notificadas expresamente ós traballadores que executen o contrato, dentro do anterior período dun mes.

O contratista, no prazo máximo de dous meses dende o inicio da execución do contrato, deberá remitirle a SPI Galicia un informe no que detalle a posta en funcionamento das anteriores canles, xustifique a notificación expresa da súa existencia, realizada aos traballadores, e a maneira na que SPI Galicia terá coñecemento de calquera incidencia coñecida a través destas canles.

Ademais, ante calquera incidencia o contratista deberá presentar a SPI Galicia un informe no que dea resposta á reclamación, concluíndo expresamente sobre a súa improcedencia ou, en caso contrario, sobre as medidas que adoptará para corrixir calquera incumprimento dos compromisos sociais adquiridos coa presentación da súa oferta.

- ☒ Dentro do mes seguinte ao cumprimento de cada ano da execución do contrato, o contratista presentará a SPI Galicia un informe no que detalle o cumprimento desta obriga contractual durante os 12 meses anteriores, incluíndo un resumo das incidencias producidas durante ese mesmo período.
- ☒ Dentro dos dous meses seguintes ó remate da execución do contrato, o adxudicatario deberá entregar a SPI Galicia un informe detallado sobre os resultados da implementación de cada unha das medidas para o impulso demográfico incluídas na súa oferta. Este informe deberá incluír, para cada medida, a identificación do persoal asignado á execución do contrato que se beneficiou das mesmas, así como os detalles específicos da súa aplicación. No caso de que algunha medida non puidese ser implementada, xa fose de maneira xeral ou particular, ou se algunha persoa fose excluída da súa aplicación, deberanse detallar as circunstancias e xustificacións pertinentes.

En todo caso, en calquera momento durante a execución do contrato, SPI Galicia poderá verificar o cumprimento das medidas e poderá solicitar informes coa información mencionada anteriormente.

6. Obrigas de carácter medioambiental. O adxudicatario executará o servizo cumprindo estritamente a lexislación vixente en materia ambiental.

Sen prexuízo doutras responsabilidades por infracción desas normas, entenderase incumplido o contrato de maneira esencial cando con ocasión da execución do contrato se impuxesen pola autoridade ambiental, mediante resolución definitiva en vía administrativa, dúas sancións moi graves por incumprimento da lexislación ambiental e protección do medio ambiente.

Este incumprimento de maneira esencial será causa de resolución de acordo co establecido neste prego.

Así mesmo, e de forma máis concreta, o adxudicatario cumprirá as medidas que nesta materia comprometa na súa oferta.

7. Obrigas en materia de subcontratación. O adxudicatario deberá cumprir todas as prescricións relativas á subcontratación recollidas nos artigos 215 e seguinte da LCSP.

Antes de iniciar o servizo verificarase a existencia dunha declaración responsable por parte do adxudicatario da intención de celebrar subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista, que deberán contar coa capacidade e aptitude para executar os traballos e non se atoparán incursos en prohibición de contratar.

En especial verificaranse as obrigacións de información do Contratista previstas no Prego, a efectos de comprobación de pagos por parte do Contratista a subcontratistas.

8. Obrigas en materia de protección de datos de carácter persoal. No caso de que durante a execución do contrato se requirise o tratamento polo contratista de datos persoais, terán carácter de condicións esenciais do contrato as obrigacións ao respecto establecidas neste prego.

11. FINANCIAMENTO E EXISTENCIA DE CRÉDITO

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia será o órgano competente da xestión económica e financeira dos créditos destinados a financiar o expediente de contratación e de contabilizar as operacións contables que se deriven deste servizo. Na partida de Servizos Exteriores da conta de Perdas e Ganancias recollida nos orzamentos de 2025 da Sociedade aprobado polo Consello de Administración o 3 de outubro de 2024 e que se integra nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma da Galicia para o exercicio 2025, existe crédito adecuado e suficiente para as anualidades nas que se vai a desenvolver o contrato do expediente: **“ACCESOS, APARCADOIROS E URBANIZACIÓN DA PARCELA DA ÁREA DE SERVIZO PREVISTA NO P.Q. 80,5 DA AG-53”**, unha vez deducidos os compromisos xa adquiridos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Enrique Couselo Pan
Director de explotación AG-53 e AG-54

Angela Bouzada Valverde
Coordinadora das Áreas